

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de xullo de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 5 de abril de 2022 e ás sesións extraordinarias do 9 de xuño de 2022 e do 14 de xullo de 2022.
- \* Aprobación do procedemento de xubilación do persoal docente e investigador pertencente aos corpos docentes universitarios da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- \* Aprobación da normativa da matrícula condicionada de acceso a máster.
- \* Aprobación da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
- \* Aprobación da modificación da normativa de coordinación de máster.
- \* Aprobación da solicitude de prórroga da comisión de servizos do profesor Pablo Menéndez García.
- \* Aprobación da convocatoria complementaria da Universidade de Vigo de “Axudas para a recualificación do Sistema Universitario Español para 2021-2023”.
- \* Modificación da Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da convocatoria “Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo para o 2022”.
- \* Aprobación da convocatoria das “Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para 2023”..
- \* Aprobación da creación da empresa SPARC, S.L., coa participación da Universidade de Vigo no capital social.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias do Mar.
- \* Foron nomeados os seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno:
  - Comisión de Investigación:
    - Sector estudantes: Miguel Fernández Simoes
    - Sector PAS: Ana Isabel González Penín
  - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:
    - Sector estudantes: Manuel Diz Folgar
  - Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes:
    - Sector estudantes: Estela Lima González
    - Sector PAS: Ana Isabel González Penín
- \* Foron nomeados os seguintes representantes no Consello Social:
  - Sector PDI: Natalia Caparrini Marín
  - Sector estudantes: Manuel Diz Folgar
  - Sector PAS: Carlos Mollinedo Lois

- \* Foi nomeada representante no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes no ámbito Artes-Humanidades:
  - Andrea Davila Rubio

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.